


## INSTRUCCIÓN SOLICITUDE CAMBIOS DE GRUPO EN LIÑA

**IMPORTANTE: (só para cambios dentro do mesmo centro educativo)**

Entre en CENTROSNET a través da páxina web da EOI. Utilice como nome de usuario o seu nº de expediente e como contrasinal o seu DNI sen letra. Non esqueza crear o contrasinal persoal se non ten un.

Na seguinte páxina, vaia á pestana "XESTIÓN" e seleccione "SOLICITUDE CAMBIO DE GRUPO".



Pode solicitar ata 2 cambios de grupo. Sempre verá a capacidade dos grupos, as prazas ocupadas e o nº de solicitudes que hai pendentes nese grupo. Cando se acepte o grupo aparecerá en pantalla un aviso con información sobre o proceso.

Nesta mesma pantalla pediráselle un enderezo de correo electrónico para comunicarlle o cambio concedido.

Terá unha xanela de aceptación para confirmar que leu a información e que está de acordo co proceso.

Cando realice máis solicitudes, estas aparecerán na súa pantalla e, se chega ao máximo establecido, aparecerá unha mensaxe informándolle de que non pode acumular máis solicitudes.

Pode anular calquera das solicitudes e volver facer outra. Se o candidato consegue a praza aparecerá unha pantalla informando do cambio correcto cun recadro de aceptación. Neste momento o grupo queda asignado e as solicitudes que puideran estar pendentes serán eliminadas. A pantalla de consulta sempre amosará a información dos cambios aceptados.

Unha vez recibido o cadro de aceptación, a persoa deberá incorporarse ao novo grupo asignado.